PLAN PARA A MELLORA DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA MUNICIPAL

2º semestre 2018

Medidas a adoptar para optimizar os procedementos de licitación pública do Concello de Ames.

CONCELLO DE AMES

Alcaldía

ÍNDICE.

1 INTRODUCIÓN

2 SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN REXISTRADA NO PERÍODO ANTERIOR (primeiro semestre do exercicio 2018).

2.1.- Aspectos principais.

2.2.- Aspectos complementarios.

3 RESUMO DAS LICITACIÓNS E ADXUDICACIÓNS DO PRIMEIRO SEMESTRE 2018.

4 PROGRAMACIÓN PARA O SEGUNDO SEMESTRE 2018.

5 DIFUSIÓN DO PLAN.

1.- INTRODUCIÓN

No mes de febreiro de 2013 foi difundido a través da páxina web municipal o "PLAN PARA A MELLORA DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA MUNICIPAL", dando cumprimento así ó disposto no Plan de Axuste 2012-2022, aprobado polo Pleno do Concello de Ames en sesión do 29 de marzo de 2012.

A partir dese momento son once as programacións elaboradas e difundidas a través da web municipal (1º semestre 2013, 2º semestre 2013, 1º semestre 2014, 2º semestre 2014, 1º semestre 2015 , 2º semestre 2015, 1º semestre 2016 , 2º semestre 2016 , 1º semestre 2017, 2º semestre 2017 e 1º semestre 2018).

Nas programacións recóllense non soamente as previsións senón tamén as licitación realizadas no semestre anterior, co fin de acadar unha visión de conxunto do funcionamento do departamento de contratación.

En sesión plenaria de 30 de novembro de 2017 se adopta acordo de cancelar o Plan de Axuste para o período 2012-2022, unha vez que se proceda a amortización total anticipada dos préstamos formalizados, de acordo co Real Decreto Lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se establece un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais, e que foi acordado na mesma sesión plenaria.

A pesares da non existencia xa do Plan de Axuste que contiña a previsión da elaboración do Plan para a mellora da contratación administrativa municipal, se continua co mesmo en atención ás previsións contidas no artigo 8 da Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e no artigo 28 da Lei 9/2007 ,de 20 de novembro, de contratos do sector público

2.-SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN REXISTRADA NO PERÍODO ANTERIOR (PRIMEIRO SEMESTRE DO EXERCICIO 2018).

2.1.- Aspectos principais.

OBXECTIVO	GRAO DE CUMPRIMENTO
Obxectivo global	O Plan para a mellora da contratación administrativa municipal ten como obxectivo que todas as obras, servizos, subministros e demais contratacións que precise o concello de Ames sexan realizadas conforme ó establecido na normativa reguladora de contratos do sector público, particularmente a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP). O departamento de Contratación procedeu a regularizar unha parte moi importante dos obxectivos previstos inicialmente, mais o feito de ter que abordar tamén licitacións comprendidas en programas doutras administracións, e especialmente a falta de medios persoais no departamento, fan que non se poidan acadar a totalidade dos obxectivos previstos no semestre anterior. Non se pode esquecer que o departamento de Contratación ten como único persoal adscrito un administrativo de administración xeral e dous auxiliares administrativos, sen que exista mais técnico no departamento que a propia secretaria. Ao exposto anteriormente hai que engadir que nas últimas licitacións a regra xeral é o procedemento aberto, o

	que motiva que se presenten un elevado número de licitadores ralentizando o procedemento de valoración de ofertas e ,como consecuencia, a tramitación do propio expediente. Debe engadirse que, probablemente debido a situación económica actual, moitas das ofertas presentadas incorren en baixa temeraria, cuxa viabilidade debe ser valorada polos servizos técnicos e de contratación, o que trae consigo unha ralentización na tramitación dos expedientes.
Dotación de medios para o correcto desenvol vemento do plan.	Medios materiais. A pesares dos esforzos realizados polo concello para reforzar os medios materiais do departamento de Contratación os mesmos seguen a ser insuficientes antes os novos desafíos que introduce a normativa de contratación, particularmente a administración electrónica.
	Medios persoais. A integración do departamento de Contratación na Secretaría municipal foi recollida na quinta modificación puntual da RPT, aprobada inicialmente en sesión plenaria de 31 de maio de 2018, non obstante, as eivas de persoal seguen existindo. Para tentar paliar as mesmas un auxiliar administrativo de Secretaría está actualmente colaborando activamente en Contratación.

2.2.- Aspectos complementarios.

Entrada en vigor da Lei 9/2017 de 20 de novembro	A entrada en vigor da nova lei (LCSP) modifica de xeito integral a contratación administrativa deseñando novos procedementos, introducindo a contratación electrónica e obrigando a integrarse na plataforma de contratación pública do Estado ou da CCAA. Esta integración motiva un necesario proceso de adaptación do persoal e dos medios materiais, particularmente informáticos. Mais concretamente a integración na plataforma estatal está sendo moi complexa e laboriosa sen que a día de hoxe o concello puidera tramitar aínda unha licitación electrónica, o que ven a ser a tónica xeral nos concellos da contorna. A estas dificultades, maioritariamente técnicas, deben engadirse as novas esixencias da lexislación de contratos, particularmente no referente ós contratos menores.
Perfil do contratante	O concello dispón dun perfil propio con selado de tempo dende xullo de 2014. Este perfil se mantén para as licitacións anteriores a entrada en vigor da nova lei. Para as posteriores rediríxese á plataforma de licitación do Estado.
Máxima concorrencia	A regra xeral nas licitacións do Concello é a de acudir a procedementos abertos,; coa entrada en vigor da nova LCSP diseñanse novos procedementos de licitación que aseguran a máxima concorrencia e resultan mais áxiles en canto a súa tramitación, pero a necesaria adaptación fai que nesta fase inicial os procesos se ralentizen.
Contratos marco	Estase estudando a integración no contrato marco da FEMP en materia de subministro eléctrico.
Contratos menores	A entrada en vigor da LCSP orixinou un redeseño dos modelos tipos de contratos menores de obras, servizos e subministros, así como os correspondentes ós contratos privados coa fin de dar uniformidade a estes contratos e adaptarse ás novas esixencias legais. Concretamente foron elaboradas circulares internas, instrucións, e tiveron lugar reunións co persoal dos distintos departamentos. A regra xeral é que todos os contratos menores se adxudican xustificando o cumprimento dos requisitos do artigo 118 da LCSP. No primeiro semestre do 2018 (xa coa entrada en vigor da lei a partires de marzo) o número de contratos menores formalizados e/ou adxudicados foi de 63. Co fin de acadar a máxima transparencia estes contratos son publicados no Portal de Transparencia da Web Municipal e publicados trimestralmente no plataforma de contratación do Estado.
Convenios colaboración	O número total de convenios asinados no primeiro semestre é de 6 e están publicados no Portal de Transparencia da Web Municipal.

3.- RESUMO DAS LICITACIÓNS E ADXUDICACIÓNS DO PRIMEIRO SEMESTRE 2018.

CONTRATOS DE SERVIZOS		
CONTRATO	**ESTADO**	**SARA**
Servizo de Mantemento Rede Semafórica	Adxudicado XGL 11-01-18 Contrato asinado o 17-01-2018	NON
Servizo de voz (fixa e móbil), acceso a Internet de banda larga e transmisión e almacenamento	Adxudicado XGL 26-04-2018 Contrato asinado o 01-06-2018	SI

datos		
Servizo de vixilancia, socorrismo e primeiros auxilios na praia fluvial de Tapia e nas piscinas descubertas.	Adxudicado XGL 21-05-2018. Contrato asinado 14-06-2018	SI
Servizo de lacería, canceira e recollida e incineración de cadáveres de animais abandonados/perdidos no Concello de Ames.	Declarado deserto XGL 08-03-2018	NON
Servizo de asesoramento e mediación de seguros privados	Aprobada licitación XGL 15-02-2018	NON
Subministro e instalación dun sistema de control de acceso e presenza no Concello	Adxudicado XGL 12-04-2018. Contrato asinado 23-04-2018	NON
Servizo do programa de formación xuvenil Lidera	Clasificación ofertas XGL 11-05-2018	NON
Primeira prórroga do contrato do servizo escolas deportivas no Concello de Ames	Aprobada licitación XGL 26-04-2018	NON
Primeira prórroga (programa AMESSAN) do Concello de Ames	Aprobada XGL 14-06-2018	NON
Segunda e última prórroga Servizo programas Lúdicos do Concello de Ames	Aprobada XGL 28-06-2018	NON

CONTRATO DE SUBMINISTROS	
CONTRATO	**ESTADO**
Furgón comedores escolares	Adxudicado XGL 11-05-2018. Asinado contrato e recepcionado.

CONTRATOS DE XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS	
3ª prorroga centro deportivo municipal A Telleira	Aprobada Pleno 01-03- 2018

CONTRATOS ADMINISTRATIVOS DE CARÁCTER ESPECIAL	
Primeira prórroga do contrato administrativo especial de explotación da Cafetería da Casa da Cultura do Milladoiro, Concello de Ames.	Aprobada XGL 14-06-2018

CONTRATOS DE OBRAS	

PAS 2015	
OBRA	**ESTADO**
Saneamento no núcleo de Portanxil	Adxudicado XGL 11-03-2017. Asinado contrato 18-05-2017. En execución
Saneamento en Ventosa	Adxudicada XGL 15-03-2018. Asinado contrato 05-04-2018
Accesibilidade universal en edificios públicos 1ªfase	Modificación aprobada XGL 22-03-2018. Formalizada 05-05-2018

PAI 2015	
OBRA	**ESTADO**

Melloras na EDAR do Polígono de Milladoiro. Ames	Recepcionada 11-06-2018 e pendente de xustificar ante Deputación.

POS 2016	
OBRA	**ESTADO**
Saneamento Castrigo	Adxudicada XGL 11-05-2018. Asinado contrato 18-05-2018

POS ADICIONAL 1/2016	
OBRA	**ESTADO**
Camiño de Pousada á Capela de San Xoanciño e outro	Adxudicada en XGL 5-05-2018. Asinado contrato 20-04-2018.

POS + 2017	
OBRA	**ESTADO**
Proxecto de construción e urbanización da beirarrúa oeste da travesía do Porto e acceso ó parque público e ó IES Treito rúa do Buxo-aparcadoiro do centro de saúde. Milladoiro	Recepcionada con observacións o 15-06-2018. Pendente de xustificar ante Deputación.
Pavimentación de viais no núcleo de Caroubáns (Covas)	Adxudicada XGL 14-06-2018. Pendente asinar contrato.

PAS ADICIONAL 2015	
OBRA	**ESTADO**
Instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Bertamiráns	2ª clasificación ofertas XGL14-06-2018.

PAI ADICIONAL 1/2016	
OBRA	**ESTADO**
Ampliación abastecemento de auga en Guimaráns e Quistiláns (Bugallido)	Clasificación ofertas XGL 28-06-2018

POS + 2017 ADICIONAL	
OBRA	**ESTADO**
Camiño principal en Sandar (Agrón)	Clasificación ofertas XGL 24-05-2018.
Instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo do Milladoiro	Adxudicada XGL 28-06-2018. Pendente asinar contrato.
Accesibilidade universal rúa Agro do Medio en O Milladoiro	Pendente de informe sobre baixa temeraria para clasificar ofertas.
Pavimentación de viais no núcleo de Outeiro (Bugallido)	Clasificación ofertas XGL 28-06-2018

OBRA CONVENIO DEPUTACIÓN	
OBRA	**ESTADO**
Ampliación Pavillón Municipal de deportes de Milladoiro	Adxudicada XGL 5-10-2017. Asinado contrato 02-11-2017. En fase de execución.

OBRAS CONCELLO FONDOS PROPIOS	
OBRA	**ESTADO**
Ximnasio e Pista Squash cuberta no pavillón de Bertamiráns	Adxudicada XGL 26-10-2017.

	Asinado contrato 15-11-2017. En fase de execución.
Camiño Oca a Igrexa-Ames	Pendente de recepcionar por defectos de obra.
Pavimentación rúa Entrerríos	Recepcionada 28-02-2018
Sala Usos Múltiples colexio Barouta	Executada e pendente de recepcionar.
Repavimentación Pistas deportivas As Mimosas (Biduído) e Agro do Muiño (Ortoño)	Pendente de recepcionar por defectos de obra.

RESUMO DAS ADXUDICACIÓNS POLO SISTEMA DE CONTRATO MENOR (art. 138.3 TRLCSP)

Data	Obxecto	Adxudicatario
11-01-2018	Implantación, posta en marcha e desenvolvemento do proxecto de orzamentos participativos no ano 2018	Cidadanía rede de aplicacións sociais, soc. coop
11-01-2018	Prestación do servizo de asistencia técnica para traballos de actualización da contabilidade	Gestión tributaria territorial, S.A.U.
16-01-2018	Contrato privado para a representación teatral da obra “nacidas libres” en Bertamiráns, Ames. (Agadic 1º semestre 2018).	Contraprodución SL
18-01-2018	Contrato privado para a actuación musical Fanfarria Taquikardia no Milladoiro, Ames (Entroido 2018)	Culturactiva Sociedade Coop Galega
18-01-2018	Contrato privado actuación musical Festicultores Troupe no Milladoiro, Ames (Entroido 2018)	El Festíbulo SL
25-01-2018	Contrato privado para a representación teatral da obra “Danza da choiva” (sesión escolar) en Bertamiráns, Ames. (Agadic 1º semestre 2018).	Elefante elegante S.Civil
25-01-2018	Contrato privado para a representación teatral da obra “Danza da choiva” (sesión xeral) en Bertamiráns, Ames. (Agadic 1º semestre 2018).	Elefante elegante S. Civil
25-01-2018	Auditoría enerxética nas instalacións e edificios municipais do concello de ames	Ela, Ingeniería y Medio Ambiente, SL
29-01-2018	Contrato privado para a representación teatral da obra “House desaforado” no Milladoiro, Ames (Agadic 1º semestre 2018).	Teatro do Morcego SL.
07-02-2018	Contrato privado para a actuación musical de “Charanga nba” no Milladoiro, Ames (Entroido 2018)	Asociación cultural charanga nba
08-02-2018	Contrato privado para a representación teatral da obra “Pum pum” (sesión escolar) no Milladoiro, Ames. (Agadic 1º semestre 2018).	Baobab Teatro SL
09-02-2018	Contrato privado para a representación teatral da obra “Pum pum” (sesión xeral) no Milladoiro, Ames. (Agadic 1º semestre 2018).	Baobab Teatro SL
09-02-2018	Auditoría electrónica para a mellorar o uso e a calidade das TICS no concello de Ames	Balidea Consulting & Programing, SL
17-02-2018	Contrato privado para a representación teatral da obra “Casa o rei” no Milladoiro, Ames (Agadic 1º semestre 2018).	Ibuprofeno Teatro SL
20-02-2018	Contrato privado para a representación teatral da obra “Elisa e Marcela” en Bertamiráns, Ames. (Agadic 1º semestre 2018).	Areta González Bolado
08-03-2018	Reparación e adecuación de instalacións contraincendios nos edificios públicos do concello de Ames	V2 Seguridad, SC.
06-03-2018	Programa de prevención de condutas aditivas	Belén Montesa Lou
08-03-2018	Asistencia técnica para a realización dunha xornada de mobilidade integral e sostible do concello de ames	Estratexia e Organización SA (EOSA)
12-03-2018	Contrato menor para o desenvolvemento da acción formativa de operario de maquinaria. Inserames-Brion X.	Forprevención SC.
13-03-2018	Contrato para o desenvolvemento da acción formativa “manexo de plataforma elevadora” do programa integrado de	Forprevención SC

	emprego Inserames-Brión X.)	
13-03-2018	Contrato para o desenvolvemento da acción formativa "itinerario comercio-loxística" do programa integrado de emprego Inserames-Brión X.	Recursos Galicia SL.
13-03-2018	Contrato para o desenvolvemento da acción formativa de limpeza de habitacións, superficies e mobiliario de hoteis, edificios e locais Inserames-Brion X.	Eulen Flexiplan, SA
22-03-2018	Contrato privado para a representación teatral da obra "Os fabulosos cleaners" en Bertamiráns, Ames. (Agadic 1º semestre 2018).	Malasombra Producións, SL
22-03-2018	Contrato privado para a representación teatral da obra "O servidor de dous amos" en Bertamiráns, Ames (Agadic 1º semestre 2018).	Producións Teatrais Talia SL
23-03-2018	Contrato para o desenvolvemento da acción formativa de monitor de tempo libre Inserames-Brion X.	Escola Galega de Tempo Libre
23-03-2018	Contrato para o desenvolvemento da acción formativa de comedor e transporte escolar Inserames-Brion X.	A Billarda SL
23-03-2018	Taxación pericial local rúa das hedras	Tinsa, Tasaciones Inmobiliarias SAU
23-03-2018	Programa vente de fin de .... natureza e surf na praia de Razo	Escola Surf Razo SL.
23-03-2018	Contrato menor para o transporte e desprazamento dos inscritos no programa "vente de finde .. natureza e surf na praia de Razo"	Autocares Rias Baixas SL
05-04-2018	Contrato privado para a representación teatral da obra "O valo", 20 abril, 18h, en Bertamiráns, Ames. (Agadic 1º semestre 2018).	Culturactiva sociedade coop galega
05-04-2018	Contrato privado para a representación teatral da obra "O valo", 20 abril; 12.30h, en Bertamiráns, Ames. (Agadic 1º semestre 2018).	Culturactiva Sociedade Coop Galega
17-04-2018	Actuación Cria fama e bótate a correr (rede cultural Deputación 2018)	La Yogurtera SL
18-04-2018	Actuación O secuestro da bibliotecaria (Agadic 2018)	Sarabela SL.,
20-04-2018	Pakolas: cores, contos e rock n roll (rede cultural Deputación 2018)	Francisco Manuel Cerdeira Castiñeiras
22-05-2018	Actuación do espectáculo sumrra 6 mulleres-programa cultura no camiño 2018	Ines Portela Barreiro
22-05-2018	Espectáculo Pablo Castaño Quartet: a-la-láa-programa cultura no camiño 2018	Noente Paradise SL
23-05-2018	Campamento xuvenil mar de Cangas	Vidalactea SIU
24-05-2018	Campamentos de verán para 3º e 4º de educación primaria	Pekexogo, Animación E Ocio
30-05-2018	Campamentos de verán para 5º e 6º de educación primaria	Galicia Eventos E Ocio, S.L.
30-05-2018	Campamentos xuvenil mar de Arousa	Galicia Eventos E Ocio, S.L.
06-06-2018	Campamentos de verán para nenos de 4º, 5º e 6º educación infantil e campamento de setembro, 2018	Kiriko Natura S.A.
08-06-2018	Campamentos de verán para 1º e 2º de educación primaria	Granxa Escola de Barreiros S.L.
13-06-2018	Espectáculo bailando as rúas da compañía a banda da loba-programa cultura no camiño 2018	Seispés Producións Creativas
11-06-2018	Treixadura:vendima tarda-programa da rede cultural Deputación da Coruña 2018	Febralart SL
19-06-2018	Adquisición ponte de luces de emerxencias para vehículo de protección civil	Northgate España Renting Flexible
22-05-2018	Contratación de dous vehículos para o servizo de protección civil e para a brigada de obras	Northgate España Renting Flexible
28-05-2018	Execución das tarefas e traballos para a adecuación ao regulamento xeral de protección de datos 2016/679, así coma a formación e asesoramento ao delegado/a de protección de datos do concello de Ames	Daniel Neira Barral
25-05-2018	Autobús para o desprazamento dos alumnos do programa integrado Inserames-Brión X	Autocares rías baixas SL

29-05-2018	Estudio acústico N-550 ao seu paso polo Milladoiro	Eurocontrol SA
29-05-2018	Limpeza e preparación de pista con xabre-cemento no lugar de Tarroeira - Ortoño	Iglesias Mera Construcciones S.L.
30-05-2018	Patrocinio da ultima etapa do Camiño de Santiago, dentro do proxecto "El Camino acaba en Obradoiro"	Obradoiro Cab S.A.D.
30-05-2018	Diplomas festa fin de curso EEI O Bosque.	Dixitalcor 2011 S.L.
30-05-2018	Servizo soporte aplicación de vídeo acta	Ambiser Innovaciones S.L.
01-06-2018	Subministro gorras serigrafiadas para a festa fin de curso EEI O Bosque	Dixitalcor 2011 S.L.
01-06-2018	Autobús saída didáctica EEI A Madalena	Autocares Rias Baixas S.L.
02-06-2018	Compra dúas impresoras de tarxetas de pvc para elaboración dos carnés das piscinas descubertas municipais.	Canon Business Center Coruña VSM Sistemas Coruña SA.
02-06-2018	Microbús encontro intercultural	Vehículos Costa S.L.
02-06-2018	Subministro de gorras serigrafiadas para festa fin de curso EEI A Madalena	Dixitalcor 2011 S.L.
06-06-2018	Codificación, análise e tratamento de datos sociolingüísticos	Fabaloba Soc. Coop. Galega
08-06-2018	Servizo microbús seminario de viticultura	Vehículos Costa SL

CONVENIOS DE COLABORACIÓN		
ENTIDADES PARTICIPANTES	**Data**	**OBXECTO DO CONVENIO**
Axencia galega de emerxencias Concello de Ames	14/02/18	Acordo para a entrega de un desfibrilador automático para Protección Civil
CPR FESAN Concello de Ames	16/03/18	Desenvolvemento prácticas formativas en centros de traballo
CPR Santa Apolonia Concello de Ames	23/03/18	Desenvolvemento prácticas formativas en centros de traballo
CIFP Compostela Concello de Ames	23/03/18	Desenvolvemento prácticas formativas en centros de traballo
Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar. Concello de Ames	04/06/18	Convenio de colaboración para o desenvolvemento do programa xantar na casa
Deputación provincial Concello de Ames e demais concellos.	Acordo plenario de adhesión de 5-04-2018	Convenio de cooperación proxecto parque Compostela rupestre

4.- PROGRAMACIÓN PARA O SEGUNDO SEMESTRE 2018.

Reprodúcese a continuación a relación dos expedientes de contratación cuxo inicio se prevé que se produza dentro do primeiro semestre do ano 2018.

CONTRATOS DE SERVIZOS	
Servizo de publicidade emisora municipal	Xullo
Mantemento parques infantiles	Xullo
Prevención riscos laborais	Xullo
Seguros privados	Xullo
Asistencia técnica DUSI	Agosto
Mantemento preventivo e correctivo de Illas de Colectores soterrados	Agosto
Xornadas igualdade	Agosto
Mantemento Cemiterio Municipal	Agosto
Paxina web municipal	Agosto
Iluminación Nadal	Setembro

Servizo de Xestión Tributaria	Setembro
Seguridade (Incendios e intrusión)	Outubro
Ascensores	Outubro
Asistencia xurídica e letrada en xuízo	Novembro
Redacción proxecto e direccións de obras	Novembro
Control de Pragas e lexionela	Novembro
Monitoraxe e Catering da Escola de Verán	Decembro
Programas lúdicos	Decembro
Mantemento pellets e paneis solares	Decembro

FONDOS EUROPEOS DUSI	
Implantación de procedementos de e-administración. Tarxeta cidadá	Agosto
Elaboración Plan de mobilidade	Setembro
Concurso de proxecto de construción centro xove	Outubro
Estudios previos para a creación de unha améndoa central que vertebre o núcleo urbano de Bertamiráns, peonalizando rúas e favorecendo a creación de un espazo ciudadano entre a Casa Consistorial, o Pazo da Peregrina e o Parque do Ameneiral.	Novembro

CONTRATOS ADMINISTRATIVOS DE CARÁCTER ESPECIAL	
Xestión cafetería Casa da Cultura de Bertamiráns	Decembro

CONTRATOS DE SUBMINISTROS

Subministro do Renting de fotocopiadoras	Agosto
Subministro do Renting vehículos electríceos	Setembro
Subministro papelería	Outubro
Subministro publicidade	Outubro
Subministro alimentos comedores escolares	Novembro
Subministro combustible, fas e pellet para estufas centros municipais	Novembro

FONDOS EUROPEOS DUSI	
Renovación da iluminación pública e substitución de luminarias por outras de baixo consumo	Outubro
Instalación de radioenlaces interconectando cos aneis de fibra óptica de Ames para a saída conxunta única a Internet e equipamento de módem WiFi e de ordenadores cos periféricos necesarios a todos os equipamentos públicos existentes no municipio .	Outubro
Instalación de dispositivos de sensorización presencial en farolas, en equipamentos socioculturais, deportivos e outras instalacións municipais para control de intensidade lumínica; instalación de equipos de enlace e conexión co centro de recollida de datos.	Novembro
Posta en marcha de un sistema municipal de APPs para móbil centradas en tres ámbitos: turismo, comercio local e transporte municipal.	Novembro

CONTRATOS DE OBRAS

PAS ADICIONAL 2015	
OBRA	**ESTADO**
Accesibilidade universal en edificios públicos 2ª fase	Autorizada por Deputación. Pendente de iniciar licitación.

POS + 2017	
OBRA	**ESTADO**
Mellora de eficiencia enerxética de iluminación pública no Milladoiro	Autorizada por Deputación. Pendente de iniciar licitación.

POS + 2018 (ACHEGA 2018)	
OBRA	**ESTADO**
Pavimentación viais en Fraiz e a Moniña (Biduído)	Autorizada por Deputación o 21-5-2018. Pendente de iniciar licitación.
Pavimentación viais nas Mimosas (Biduído)	Pendente de autorización por parte da Deputación.
Senda peonil dende a Ponte Nova a Ponte Maceira e acceso a Piñor (Agrón)	Pendente de autorización por parte da Deputación.
Construción de dúas pistas de tenis en Aldea Nova	Autorizada por Deputación 06-06-2018. Pendente de iniciar licitación.

POS + 2018 (ACHEGA 2017)	
OBRA	**ESTADO**
Acceso a Carreira e viais núcleo de Pedras (Ames)	Autorizada por Deputación 21-05-2018. Pendente de iniciar licitación.
Ordenación e mellora vial de Cantalarrana e Carballido (Ortoño)	Autorizada por Deputación 21-05-2018. Pendente de iniciar licitación.
Camiño do Santo a Mourigade e de Maguxe a Lapido (Ortoño)	Autorizada por Deputación 21-05-2018. Pendente de iniciar licitación.
Acceso de Leboráns a Calo (Trasmonte)	Autorizada por Deputación 21-05-2018. Pendente de iniciar licitación.
Adaptación á normativa en vigor de seis parques infantís do Concello de Ames	Autorizada por Deputación 21-05-2018. Pendente de iniciar licitación.

POS + 2018 (PRÉSTAMO PROVINCIAL)	
OBRA	**ESTADO**
Mellora seguridade viaria IES e CEIP Bertamiráns	Pendente autorización Deputación Provincial da Coruña.
Pavimentación viais en Vilouta	Autorizada por Deputación 21-05-2018. Pendente de iniciar licitación.
Mellora accesibilidade do polideportivo do Milladoiro	Autorizada por Deputación o 21-5-2018. Pendente de iniciar licitación.
Instalación e cubrición de área de xogos, ordenación e implantación de elementos no parque infantil da praza de Chavián en Bertamiráns. Concello de Ames	Autorizada por Deputación o 21-5-2018. Pendente de iniciar licitación.

POS + 2018 (COMPLEMENTARIO)	
OBRA	**ESTADO**
Camiño Quistiláns a cemiterio e viais núcleos de Quistiláns (Bugallido)	Pendente autorización Deputación Provincial da Coruña.

Instalación de cubrición de área de xogos no parque infantil de Agro da Vella no Milladoiro. Concello de Ames	Pendente autorización Deputación Provincial da Coruña
Mellora accesibilidade pavillón Bertamiráns	Pendente autorización Deputación Provincial da Coruña

FONDOS EUROPEO DUSI	
OBRA	**ESTADO**
Eliminación de barreiras. Accesibilidade	Pendente de licitación.
Creación de una zona verde en el centro del casco de Milladoiro, que permita pivotar sobre ella una zona de vertebración del núcleo urbano	Pendente de licitación
Instalación de sistema térmico edificios municipais	Pendente de licitación

FONDOS PROPIOS	
OBRA	**ESTADO**
Instalación de semáforo en Milladoiro (N-550)	Pendente de recepción de ofertas.

Poren, sendo esta a previsión de programación para o segundo semestre 2018, a mesma pode experimentar variacións en base ás necesidades e prioridades de cada momento que determinen os responsables políticos.

5. DIFUSIÓN DO PLAN.

O presente Plan, así como o seguimento da súa execución, serán obxecto de publicación no portal de transparencia da páxina web do Concello.

Ames, 29 de xuño de 2018
O alcalde

José M. Miñones Conde